

## **ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE DATA 17 de Agosto de 2007**

Sendo as dez horas do día 17 de agosto de 2007, na Sala de Xuntas da Concellaría de Persoal reúnese a Mesa de Negociación do Excmo. Concello de A Coruña, asistindo esta

Por parte da Administración Municipal

- Dña Obdulia Taboadela Álvarez, Concelleira delegada de Persoal, como Presidenta
- D. Ramón Vilas de Escauriaza, Xefe de Departamento de Xestión de RR.HH
- D. José Antonio Sánchez Ríos, Xefe de Sección de Administración de Persoal
- Dña Lorena Abad Carrera, Xefe de Departamento de Xestión de Recursos Humanos, que actúa como secretaria

Por parte das seccións sindicais comparece

Como representantes sindicais

- Dña Marina Lorenzo Fernández (CC.OO)
- D. Roberto Tizón Miguens (CIG)
- D. Manuel Aceña Liste (CSI-CSIF)
- D. José Varela Laia (UGT)

Como asesores

- D. Jesús Ricoy (CC.OO)
- D. Javier Hermida Gayubas (CIG)
- D. Andrés Otero Cerveró (CSI-CSIF)
- D. Javier Sobrino Viqueira (UGT)

Aberta a sesión pola Sra. Presidenta, procédese a tratar o primeiro punto da orde do día: Lectura e aprobación da acta da sesión do 10 de xullo de 2007. Neste momento, Dña Obdulia Taboadela manifesta que a partir desta sesión os borradores das actas se enviarán con carácter previo á celebración de cada sesión ao obxecto de realizar alegacións e modificacións que se estimen oportunas e así incorporalas á acta para a súa aprobación na acta seguinte. Unha vez modificadas, enviaranse de novo para a súa aprobación formal na mesa.

En relación ao borrador da acta, realizan alegacións CSI-CSIF, en canto a que aparece traducido o apelido do Sr. Acea ao galego e CIG. D. Roberto Tizón manifesta neste sentido, que as súas alegacións son as de carácter sintáctico que de fondo. Coas alegacións e modificacións formuladas polos representantes sindicais, queda aprobada a acta da sesión da Mesa de Negociación de data 10 de xullo de 2007.

A continuación pásase ao seguinte punto da orde do día, que é a recepción de propostas sindicais con respecto ao documento entregado na sesión do 8 de agosto. Ábrese unha quenda de intervención para os representantes sindicais:

- UGT presenta un documento con observacións con respecto á documentación entregada.
- CC.OO presenta así mesmo un documento coas observacións que aprecian respecto ao documento presentado
- CIG manifesta que non ten nada por escrito porque considera que no documento que se lle presentou non hai nada que se poida valorar como aceptable. Ante a pregunta da Sra. Concelleira sobre se non vai presentar nada por escrito pero se vai facer algunha valoración oralmente, D. Roberto Tizón entrega unhas anotacións sobre a valoración.
- CSI-CSIF manifesta que non vai presentar nada.

Dña Obdulia Taboadela abre neste momento unha segunda quenda de intervencións, ao obxecto de ver as propostas presentadas e examinalas:

CSI-CSIF: D. Manuel Aceña expón que o documento non reúne ningún dos requisitos que esperaba ver satisfeito nun documento que custou moito diñeiro ao Concello. Por iso, expresa a

súa máis profunda decepción. A súa petición é que se recollan todos os elementos a valorar e se gradúen en cada posto de traballo. Isto é a base esencial para facer unha correcta valoración. A Valoración de Postos presentada equiparou unha serie de conceptos no específico base co obxectivo de refundir e evitar diferenciacións. En canto á asignación de niveis, parécelle máis correcto que a equiparación se realice con respecto aos niveis do complemento específico e non cos niveis que se fixo. Así mesmo manifesta que se suprimiron conceptos que ata agora existían tales como atención ao público, traballo en rúa.... e non entende por que.

CC. OO: Neste sentido, Dña Marina Lorenzo Fernández manifesta que a proposta que presentan é un documento de carácter económico, sobre a proposta que no seu momento presentaron os representantes sindicais o 6 de marzo de 2007. Na súa proposta gradúanse os elementos do complemento específico, actualízanse as contías e todo iso baseándose nas normas de xestión existentes. O documento presentado na sesión anterior non responde ás expectativas dos traballadores e tampouco debería responder ás expectativas do propio Concello.

D. Andrés Otero manifesta que as expectativas económicas se refiren a que os Policías Locais e os Bombeiros cobren como mínimo 1.500 € ao mes e que ninguén do Concello cobre menos de 1000 € ao mes.

Dña Obdulia Taboadela pregunta se é posible traballar coa proposta que está enriba da mesa.

Dña Manuel Aceña contéstalle que na outra reunión se pediu que se completasen a documentación e non foi así. Manifesta que con este documento non podemos facer nada.

D. Jesús Ricoy reitera que en marzo se presentou unha proposta económica para resolver o conflito e a devandita proposta segue vivente.

D. Roberto Tizón manifesta que quere facer unha serie de consideracións:

- A táboa que se presentou non cumpre os requisitos do Acordo que a CIG non asinou pero si UGT:
  - Non garda a proporcionalidade que se fixara no citado acordo.
  - Non ten en conta os soldos dos Concello do ámbito.
  - Unifica alegremente un grupo de postos de traballo que si teñen diferenzas entre se.

Dña Obdulia Taboadela contesta que vai ter en conta as propostas presentadas e a proposta económica do 6 de marzo como punto de partida para facer unha proposta. Despois haberá unha reunión coa empresa DEMOS e eles explicarán cual foi o sistema utilizado para a elaboración da VPT. Indica que a última semana de agosto se intentaría localizar os representantes da empresa para que estean a disposición do Concello.

D. Javier Hermida formula dúas preguntas á Sra. Concelleira:

- ¿necesita a empresa para facer unha valoración do documento presentado?
- ¿Ata que faga esa valoración non vai dar unha resposta aos sindicatos?

Dña Obdulia Taboadela contesta que si necesita consultar a empresa antes de facer esa valoración.

D. Manuel Aceña pregunta se o goberno asume o compromiso de recoller e individualizar os elementos da Relación de Postos e gradualos. Porque o que se fixo é refundir elementos e iso é inaceptable.

Dña Obdulia Taboadela contéstalle que ela necesita a empresa para presentar a proposta do goberno municipal. Haberá elementos que si se recollan e individualicen e elementos que non.

D. Manuel Aceña volve preguntar á Sra. Concelleira se asume o compromiso municipal de que ninguén cobre menos de 1000 €. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que non vai asumir compromisos sen examinar a proposta da empresa. Cando teña unha proposta que presentar, terá a contestación á pregunta.

D. Andrés Otero pregunta cando. Dña Obdulia Taboadela contéstalle que sobre uns quince días, coa asistencia da empresa, para que aclare as dúbidas que existen ao documento. Se a empresa aparece o 27 de agosto, que veñan esa semana a explicalo e aos 2 ou 3 días presentará unha proposta sobre a valoración e a proposta económica.

D. Javier Hermida manifesta que a empresa non vai servir para nada, porque ten que cambiar o documento. O problema é que este documento non hai por onde collelo, non se pode rescatar nada del.

Dña Obdulia Taboadela volve manifestar que con todas as propostas, falará coa empresa e unha vez aclaradas as dúbidas presentará unha proposta. Así mesmo, manifesta que o mellor é poñer datas para as próximas reunións e formula as seguintes propostas:

- Se Demos aparece o 27 de agosto, viría esa semana do 27 ao 31 de agosto e formularía unha proposta conxunta entre o 3 e o 5 de setembro.
- Se Demos aparece e vén na semana do 3 ao 7 de agosto, formularíase proposta na semana do 18 de setembro.

A Sra. Concelleira segue dicindo que é necesario desenvolver mesas de negociación continuas e áxiles no estudio de propostas para poder chegar aos presupostos do exercicio 2008.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e quince minutos, levántase a sesión, do que eu, secretaria, dou fe.